

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****SILLEDA****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO  
POLA ENTRADA E VISITA AO MOSTEIRO DE CARBOEIRO*

Logo da modificación aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello de Silleda do 26 de xaneiro de 2017 e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 32 do 15 de febreiro de 2017 sen que se presentaran reclamacións ou suxerencias durante o trámite de exposición pública de trinta días, consistindo a mesma na modificación do artigo 4 (modificación das tarifas), faise público o texto íntegro das Ordenanza coa citada modificación, que quedará aprobada definitivamente.

*ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ENTRADA E VISITA  
AO MOSTEIRO DE CARBOEIRO***ARTIGO 1. OBXECTO**

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 41 a 47 e 127 do Real DecretoLexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, establece o presente prezo público pola entrada e visita ó Mosteiro de Carboeiro.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

O feito impoñible está constituído pola entrada e visita ao Mosteiro de Carboeiro podéndose incluír con carácter opcional, os servizos de: entrada simple; entrada mais visita guiada de 45 minutos; e entradamais visita didáctica de unha hora e 15 minutos

**ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos todas aquelas persoas físicas que soliciten acceder, para visitalo, ao Mosteiro de Carboeiro.

**ARTIGO 4. TARIFAS**

“O importe das tarifas serán as seguintes:

<i>ENTRADA:</i>	<i>ENTRADA + VISITA DE 45'</i>	<i>ENTRADA + VISITA DIDÁCTICA</i>
1,50 EURO	3,50 EUROS	4,50 EUROS
<i>PRECIO REDUCIDO ENTRADA</i>	<i>PRECIO REDUCIDO ENTRADA+ VISITA DE 45</i>	<i>PRECIO REDUCIDO ENTRADA + VISITA DIDÁCTICA</i>
1€	2,50 €	3,50 €



Luns, 8 de maio de 2017

Núm. 87

### Estrutura das tarifas

Con carácter xeral, as tarifas básicas para o acceso ao interior do Mosteiro de Carboeiro son as seguintes:

Tarifa xeral (Entrada) . . . . .	1,50 €
Tarifa reducida (Entrada) . . . . .	1 €
Tarifa (Entrada mais visita guiada de 45 minutos) . . . . .	3,50 €
Tarifa Reducida(Entrada mais visita guiada de 45 minutos) . . . . .	2,50 €
Tarifa (Entrada mais visita didáctica de 1h e 15 minutos . . . . .	4,50 €
Tarifa reducida (Entrada mais visita didáctica de 1h e 15 minutos) . . . . .	3,50 €
Tarifa especial grupos escolares.....	0,50 €

### Tarifa cero

As entradas máis visita de 45 minutos só se proporcionarán en tempada alta (xullo, agosto e setembro) e as fins de semana e días festivos durante o resto do ano.

As visitas didácticas só se proporcionarán previa petición dos solicitantes.

Estas tarifas aplicaranse do seguinte xeito:

**Tarifa xeral:** público xeral

**Tarifa reducida:**

Maiores de 65 anos; mozos de entre 6-16 anos; mozos maiores de 16 anos con carné xoven, carné de estudante; familias numerosas que o acrediten; grupos de universitarios de mínimo 10 persoas e acompañados de responsable; desempregados que o acrediten.

Tarifa especial grupos escolares : composto por maiores de 6 anos, de mínimo 10 persoas acompañados de un responsable.

**Tarifa cero:**

Menores de 6 anos; membros do Instituto de Conservación Museística (ICOM); 25 de xullo; Día Internacional Museos: 18 maio: Festa do San Lourenzo de Carboeiro”

### ARTIGO 5. OBRIGA E FORMA DE PAGO

O prezo público devéngase dende o momento en que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

Código seguro de verificación: RMVYF1K5E9TINZ825



Luns, 8 de maio de 2017

Núm. 87

O pago do precio público farase efectivo en metálico no momento do acceso ao Mosteiro de Carboeiro da persoa obrigada ao pago, a quen se entregará un recibo numerado e selado.

#### *ARTIGO 7. LEXISLACIÓN APLICABLE*

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir de entón, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

Silleda, 27 de abril de 2017.-O Alcalde-Presidente, Manuel Cúña Fernández.

Código seguro de verificación: RMYFF1K5E9TINZ825

